

COMO INSCRIBIRSE?

- **Máis información e inscricións na web www.turismo.gal.** Podes consultar as **túas dúbidas no enderezo electrónico: conecevigo@xunta.gal** ou no **teléfono: 886 119 164**.
- **O programa Coñece Vigo é gratuito.** Está principalmente dirixido a asociacións, centros escolares e outros colectivos da cidade.¹
- **Inclúe autobús tanto para a recollida como para o retorno** desde a asociación ou centro ata o punto de encontro. Só se concertará un autobús por visita.²
- Na visita **“Coñece o teu porto” tamén se inclúe o traslado en catamarán**.
- **O número máximo de participantes por visita é de 45 persoas.**³
- **As visitas iranse pechando por rigorosa orde de inscrición. Trala túa preinscrición, rebirás un correo electrónico confirmando se tes praza** ou se debes buscar outra data o quedas na lista de agarda.
- Na visita “Coñece os nomes de Vigo” é necesario levar o carné de identidade para recoller a radioguía.
- Se non vés en autobús, **deberás estar no punto de encontro 15 minutos antes do comezo da mesma.**

Cancelacións:

- Se a organización se ve na obriga de cancelar algunha visita por condicións climatolóxicas ou causa de forza maior, os inscritos serán puntualmente informados e, na medida do posible, buscarase outra data.
- No caso de que sexa o participante quen anule a visita, deberá informar á organización cunha semana de anticipación.

¹ En caso de que sexas un particular, consulta na páxina web se hai prazas para sumarte a algún dos grupos.

² Só no caso de asociacións ou colectivos que superen os 30 usuarios inscritos.

³ Excepto as rutas “Coñece o Vigo castrexo”, “Pazo Quiñones de León” e “Coñece o Vigo romano” cun límite de prazas de 30 persoas, establecido polos museos e a ruta “O teu porto” na que o límite é de 100 persoas.



Coñece Vigo

VISITAS GUIADAS E GRATUÍTAS



XUNTA DE GALICIA



Mirar Vigo desde outros ollos, achegarse a recunchos cotiás da cidade e coñecer máis sobre a historia que atesouran, compartir lendas, coñecer como vivían os nosos devanceiros romanos, castrexos...

As visitas guiadas e gratuítas Coñece Vigo, da Xunta de Galicia, nacen coa vocación de darlle aos vigueses a oportunidade de saberen máis sobre a súa cidade e de se converter nos seus mellores embaixadores.

Serán conducidas por guías oficiais e, nalgúns casos, por personaxes históricos que che farán sentir como un veciño máis do século XIX.

Ahégate a coñecer o Nadal máis solidario da cidade na contorna do edificio da Xunta de Galicia en Vigo.

OS MIRADOIROS DE VIGO

Admirar Vigo desde a altura, marabilharse coa maxestosidade da súa ría fundida co verde dos seus bosques, ter a oportunidade de observar o bulicio desta gran urbe desde a altura... Esta ruta levarate aos dous mellores miradoiros da cidade: o Monte do Castro e A Guía. Anímate a descubrir a historia e os segredos que se agochan na fortaleza de O Castro e a coñecer onde se atopan os seus túneles.



Visitas: todos os luns, (do 18 de novembro ao 23 de decembro ambos incluídos).
Horario: 11.00 h - 13.00 h
Punto de encontro: Centro Comercial A Laxe.
Ruta guiada en autobús.



O VIGO CASTREXO

Ven a coñecer as orixes da cultura castrexa e a pegada que deixou na cidade. Sabías que en Vigo e nos seus arredores, na etapa prerromana, houbo ata unha vintena de poboados castrexos? Queres coñecer como vivían? Nesta ruta visitarás **a sala de arqueoloxía e o castro do Museo do Mar de Galicia así como a sala de arqueoloxía do Museo Quiñones de León**, onde poderás ver o seu legado.



Visitas: todos os martes (do 19 de novembro ao 17 de decembro, ambos incluídos).
Horario: 11.00 h - 13.00 h
Punto de encontro: xacemento castrexo do Castro.
Ruta guiada en autobús.



OS NOMES DE VIGO

Sabes quen foi Policarpo Sanz? Sabías que a rúa Príncipe se chama así polo fillo de Isabel II, que logo foi coroado como Afonso XII? Quéreste adentrar no que foi a construción do ensanche vigués e saber máis sobre a complexa sociedade do século XIX? Déixate guiar por unha veciña ilustre do XIX para coñecer a orixe dos nomes das rúas do centro de Vigo e saber quen foi quen nesa época.



Visitas: xoves 14 de novembro e todos os martes e sábados do 16 de novembro ao 21 de decembro.
Horario: xoves 14 e martes: 17.00 h - 19.00 h / sábado: 11.00 h - 13.00 h
Punto de encontro: Edificio da Xunta de Galicia na praza da Estrela (entrada lateral).
Esta visita farase con radioguías.



PAZO QUIÑONES DE LÉON

Sabes por que chamamos a este museo a Finca da Marquesa? Coñeces a importante pegada que deixou a familia Valadares na historia de Vigo? Nesta visita, terás a oportunidade de achegarte a este emblemático edificio, obra de arte en si mesmo e sinal de identidade de Vigo. Coñecerás as coleccións que alberga no seu interior e percorreras os seus máxicos xardíns, unha das doce paradas da Ruta da Camelia, da man da marquesa de Valadares.



Visitas: xoves 14 e 21 de novembro e todos os mércores (do 27 de novembro ao 18 de decembro).
Horario: 11.00 h - 13.00 h
Punto de encontro: entrada Museo Municipal Quiñones de León.



O TEU PORTO

Sabías que polo mar chegaron á nosa cidade fenicios, celtas, romanos, normandos, piratas, turcos e ingleses? Sabes onde están as orixes do porto de Vigo e o gran crecemento que viviu a finais do século XIX e, sobre todo, no XX? A bordo dun catamarán percorreras a súa industria, os estaleiros, o porto pesqueiro, o peirao de transatlánticos e as terminais. Desde Guixar ata Bouzas, unha travesía única e chea de historia.



Visitas: todos os mércores e venres (do 15 de novembro ao 27 de decembro, agás o 6 de decembro) e luns, 30 de decembro.
Horario: Mércores: 17.00-19.00 h
Venres: 11.00 h - 13.00 h
Punto de encontro: Centro Comercial A Laxe.
Visita a bordo dun catamarán.



O VIGO ROMANO

Coñeces a salina romana da cidade? Sabes que existen evidencias arqueolóxicas dunha importante actividade portuaria e comercial na Ría viguesa desde o século II a. C.? Nesta visita, coñecerás a orixe do nome de Galicia, a importancia do uso do sal naquel Vicus onde se instalaram os romanos, así como o seu modo de vida. A visita comezará no **Museo do Sal. Salinae**, no centro de Vigo, e logo visitarás **a sala de arqueoloxía do Museo Quiñones de León**, onde poderás ver o seu legado.



Visitas: domingo, 17 de novembro*, mércores, 20 de novembro, e todos os xoves (do 28 de novembro ao 19 de decembro).
Horario: 11.00 h - 13.00 h
Punto de encontro: Museo do Sal. Salinae (rúa Rosalía de Castro).
Ruta guiada en autobús.
* horario especial neste día. A visita comeza ás 11.30 h na Vila Romana de Toralla. Logo visitarase Salinae. Remata ás 13.30 h.




O TEU XORNAL

Sabías que Faro de Vigo é o diario decano da prensa española e que foi fundado en 1853 por tres abogados para informar a poboación local que nese momento non chegaba aos 10.000 habitantes? Sabes quen foi Ángel de Lema e que papel representou na historia deste xornal? Achégate ao seu pasado e vive o seu presente da man dun traballador deste diario. Coñecerás as súas instalacións e vivirás unha xornada única.



Visitas: luns, 25 de novembro; martes 3 e 10 de decembro.
Horario: 11.00 h - 12.30 h
Punto de encontro: entrada Faro de Vigo.



A TÚA ADMINISTRACIÓN

Coñeces o edificio da Xunta de Galicia por dentro? Da man de persoal desta administración coñecerás todo sobre os trámites máis habituais, as subvencións ás que pode optar a túa asociación ou o teu centro... Aproveita esta visita para dar resposta a todas as túas dúbidas.



Visitas: xoves (28 de novembro e 12 de decembro).
Horario: 11.00 h - 13.00 h
Punto de encontro: entrada do edificio da Xunta de Galicia.

O TEU NADAL

Este Nadal, a solidariedade e a maxia están na contorna da Praza da Estrela, en Vigo. Achégate a compartir estas datas coa túa familia e amigos e goza coas actividades programadas para maiores e pequenos. Poderás colaborar coas oenegués presentes.



Visitas: todos os luns, mércores e venres (do 16 ao 30 de decembro, excepto os festivos).
Horario: 11.00 h - 13.00 h . Agás o 16 de decembro: 18.00 h - 20.00 h
Situación: entrada do edificio da Xunta de Galicia en Vigo.

